

Moitas das túas fotografías retratan obxectos industriais. ¿Que beleza atopas en algo que a maioría da xente considera tan pouco atractivo?

O que busco é amosar a parte que de culpa ten o home na transformación de espazos que na súa orixe eran virxes, naturais.

Tes unha web na que colgas traballos de autores amigos. ¿É moi importante o apoio dos compañeiros no mundo da fotografía?

Non necesariamente, a fotografía é un traballo bastante individual.

Algunhas das túas instantáneas xogan coa contradición. ¿É un recurso atractivo para ti?

Si, sempre son imaxes ambiguas que pretenden que penses en algo.

Na túa produción apréciase en xeral unha notable ausencia da figura humana. ¿A que se debe?

Tento demostrar un certo minimalismo na imaxe e ó mesmo tempo reflexionar sobre como o ser humano causa dano e logo en moitos casos esconde a man.

Sendo, segundo as túas propias palabras, un fotógrafo con paixón, ¿que che impulsou a deixar este mundo durante unha boa tempada?

Os camiños da vida que ás veces colles equivocados. Un negocio familiar que emprendín ou o nacemento das miñas fillas apartáronme do mundo da fotografía. A morte de persoas cercanas á familia faiche logo recapacitar e fórzache a retomar aquilo que deixaches algún día e que che gustaba de verdade.

¿Que che achegan os motivos do cotiá fronte a outros máis transcendentales?

Gústame porque son feitos por nós mesmos. En vez de fotografar unha flor sen máis, prefiro fotografala ó carón dun bloque de formigón.

Unha mirada ós delitos do home

Xaquín Rosales é fotógrafo. Crítico coa actual situación do oficio en Galicia, na súa páxina web amosa predilección polo minimalismo e o baleiro ● CARMEN M.V.VALIÑA



Para Xaquín Rosales, a fotografía é un hobby necesario

Moitas das túas imaxes acompañanse de citas. ¿É a fotografía unha arte independente?

Si, totalmente independente. Din que "unha imaxe vale máis que mil palabras", e a maioría das veces é certo. As citas de feito moitas veces non teñen nada que ver, son sinxelamente frases que me interesan de toda a vida e ás que lles busco un espazo.

“Todo redúcese a aprender, preguntar, querer, ousar, mirar, ver” é unha destas citas que escolliches. ¿Que é máis importante para ti?

Aprender e mirar ben, ter presente sempre a mirada. Tamén é importante ser ousado, xa que a cámara cho permite, a xente aínda che deixa "entrar" en lugares que sen ela non che abriría.

A serie ‘Infinito’ emprega o branco e negro e nela ten unha certa importancia a figura humana. ¿É unha serie especial e por iso decidiches introducir estes cambios con respecto ó que é habitual na túa produción?

É un pouco máis poética. Supón unha entrada no mar Cantábrico desde Estaca de Bares, un percorrido que me gustou moito e ó longo do que fun facendo estas fotografías.

En ‘Diario dun viaxeiro’ ofreces a túa mirada sobre distintos lugares de Galicia. ¿Segue sendo tópica a visión que desde España se ten da nosa comunidade?

Si. Todo é bonito, todo é verde, cómese ben..., cando na realidade non é así para nada.

Tes un ‘weblog’ sobre a túa propia fotografía. ¿Para ti é máis eficaz a imaxe ou a palabra á hora de transmitir o pensamento?

A imaxe, de feito mesmo na miña páxina web, sacando o ‘weblog’, incluío moi poucas palabras.

A Coruña recibe estes días unha nave armenia do medievo

Unha réplica dunha nave armenia de 20 metros de eslora construída con base ós planos da súa realización no século XIII chegará esta fin de semana á Coruña, informaron onte fontes portuarias.

As condicións meteorolóxicas serán as que determinen a chegada deste barco hoxe ou o domingo xa que o *Cilicia* navega a velas, como na Idade Media.

A embarcación percorre o mundo desde xullo de 2004 para difundir noutros países a cultura deste pobo que desde hai oito século goza de reputación de bo navegante e comerciante.

O pobo armenio, de tradición cristiá, tivo relacións comerciais co porto coruñés, co de Vigo e tamén con outras zonas costeiras de Portugal.

Tras botar amarras en 40 portos de 21 países o *Cilicia*, nome dunha zona de Armenia, traerá a bordo ata a cidade da Coruña a 16 mariñeiros, das 36 persoas que compoñen a tripulación da nave e que realizan quendas para as manobras da nave.

En realidade os tripulantes teñen, en terra, profesións do máis variadas, desde enxeñeiros electrónicos e de sistemas a economistas, procuradores, físicos, deseñadores, carpinteiros, estudantes ou licenciados en xeografía e historia, entre outras. A nave partirá o luns con rumbo a Holanda. ● EFE

A IMAXE DO DIA



¡MAMÁ, POR FAVOR, CÓMPRAME UNHA POSTAL!

Valencia incrementou durante o primeiro semestre do ano en case un once por cento o número de visitantes recibidos con respecto ó mesmo período do 2004. Resgardados da calor polas típicas viseiras, uns turistas detéñense fronte a unha das tendas da capital para ver as postais que alí colgan. Xa

se sabe, un quere levar recordos daqueles lugares que visita aínda que, coma neste caso, a cámara de vídeo tamén sirva para inmortalizar os nosos pasos. Non sabemos se mercarían algunha postal das expostas. Non sería por falta de oferta. ● FOTO: KAI FORSTERLING

OPINIÓN

O asedio da Quintana

CARMEN M. V.VALIÑA

Hai unha tristeza xorda nos lugares que se vendidas ó turismo. Nas pobos de pescadores transformados en imperios urbanísticos, na vila sometida ó fragor de centos de visitantes en rúas que foron concibidas para o silencio queda a melancolía do que se perdeu. A un gústalle a Quintana ata que se inicia o seu asedio pola maquinaria dun concerto. E claro, a Quintana acaba cedendo. Non foi concibida para combates imposibles contra as forzas do ruído. Que chova en Compostela é unha bendición. Un pode sentar cun bo libro nos xeonllos e a única compañía das pingueiras entre o pelo húmido. Sen turistas. Soas. A Quintana e máis eu. ●